

# GRUPO DE TRABAJO DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR COAS TIC. CURSO 2016-2017

## BIBLIOCOMECONTOS. CEIP Nº1 DE MELIDE

### **Grao de cumprimento de obxectivos**

En relación aos obxectivos propostos inicialmente consideramos satisfactorio o grao de cumprimento.

A biblioteca realiza unha función de dinamización do plan lector escolar facilitando recursos tanto materiais como didácticos.

A biblioteca vaise progresivamente visualizando como centro de documentación multimedia, lugar de formación e lugar de encontro para a aprendizaxe e o ocio responsable.

Tamén cumpre a función de axuda no desenvolvemento e aprendizaxe das diferentes materias ou áreas pero especialmente nas relacionadas coas linguas.

Foméntanse as diferentes competencias e estamos a procura de ir progresando non só na competencia lingüística senón en todas, integrando unha aprendizaxe global polo que os recursos materiais tanto de libros, audiovisuais e técnicos implican a tódalas competencias.

A maior parte dos docentes colaboran e empregan a biblioteca como recurso didáctico no seu ensino, xa como espazo a empregar, xa como emprego dos seus recursos, fundamentalmente os libros.

A biblioteca funciona tamén como dinamizadora en días de celebracións e días especiais como: Día da Biblioteca, Día do Libro, Semana das Letras Galegas, Día de Rosalía, Semana da Prensa,...

### **Actividades desenvolvidas.**

Traballo co programa Meiga.

Coñecemento do programa Meiga e a súa utilización. Xa dentro do programa a tarefa fundamental consistiu na Catalogación dos fondos bibliográficos e elaboracións de carnés, préstamo e devolución.

Formación de Mestres e alumnos responsables para o mantemento de fondos , xestión de servizos de préstamo, control e catalogación.

Colaboración con diferentes institucións que posibilitan o desenvolvemento das capacidades lingüísticas e en xeral de aprendizaxe.

### **BOLSIÑAS VIAXEIRAS**

En Educación Infantil 4 e 5 anos puxemos en funcionamento as bolsiñas viaxeiras. Cada unha contén un conto, un caderno para facer unha actividade sobre o libro e valorar canto lles

gustou. As bolsiñas ían rotando todas as semanas de xeito que cada alumno leve un conto diferente á semana. Facemos entrega das bolsiñas os martes para devolvela ao centro os venres. Cando as recollemos para favorecer a súa organización colocámolas no cordel da aula, cada cunha pinza numerada.

Cada semana recibían a bolsa con ilusión para ver que conto lles tocaba. Ás veces, o neno/a que levara ese libro a semana anterior contáballe ao seguinte o que máis lle gustara a el. Normalmente eran comentarios moi positivos.

### **PEQUENOS-GRANDES LECTORES**

Dende os mes de outubro ata maio, desenvolveuse a actividade pequenos-grandes lectores. Consiste en que o alumnado de primaria (de 3º a 6º) preparaba a lectura dun conto, previamente elixido polos mestres da biblioteca. Houbo quendas para ir na hora de ler, os venres ás tres aulas de Infantil, tamén na hora de ler, ían a 1º e 2º de primaria a contar o conto.



<http://bibliocomecontos.blogspot.com.es/search?updated-max=2017-01-02T02:12:00-08:00&max-results=7&start=7&by-date=false>

O alumnado que gozaba da escoita do conto, despois facía unha actividade sobre el. En Educación Infantil facían unha un traballo de plástica así como unha pequena posta en común sobre o conto lido.

En primaria, ademais de facer unha tarefa plástica, cubrían unha ficha cos datos de autor, editorial,....

Foi unha actividade moi positiva, xa que os lectores se esforzaron moito para preparar os contos para captar a atención dos máis pequenos e estes sempre estiveron moi atentos e ao longo da semana esperaban con ilusión preguntándose que conto lles contarían.

No mes de decembro pasamos unha enquisa aos alumnos de 1º e 2º para saber se estabamos facendo unha selección adecuada dos contos. (Enquisa anexo.....)

Todos os contos tiveron unha valoración moi positiva.

### **DÍA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES**

Realizamos unha pequena homenaxe a Agustín Fernández Paz. As actividades foron realizadas na biblioteca escolar.

O alumnado de 6º realizou unha presentación da vida e obras do autor exposta aos nenos de tódalas aula axeitando o seu contido ao nivel dos pequenos.

Escritura de frases, palabras en follas de árbores para facer o mural “Outono coas verbas de Agustín Fernández Paz”



Por aulas escolléronse diversos textos dos libros do escritor e de dous a tres lectores lían aos compañeiros eses anaqueños de prosa. No caso de infantil e 1º, os lectores foron o alumnado de 6º.




Traballando co libro “Cartas de inverno” o alumnado de 6º narrou outros finais na actividade: “Baixada á cripta”

miércoles, 20 de diciembre de 2016

### RELATOS DOS ALUMNOS DE 6º A "BAIXADA Á CRIPTA"

Continuando cos relatos creados polos alumnos tendo como referencia o libro de Agustín "Cartas de inverno", os propios nenos e nenas leron as súas composicións.



DANIEL  
00:00 - 02:22

Mª CARMEN  
00:00 - 02:02

MARTA  
00:00 - 02:02

ROI  
00:00 - 02:02

XANA  
00:00 - 02:02

LEIDY  
00:00 - 02:02

## DÍAS DE NADAL



Recolleita de cantigas populares da contorna. Unha delas, “Ai Carmiña” empregouse para o festival de Nadal.

<http://bibliocomecontos.blogspot.com.es/search?updated-max=2017-03-02T05:59:00-08:00&max-results=7>

Invención de estrofas por grupos reducidos seguindo á panxoliña de Mini “ O pelo roxiño” coa figura do Apalpador.

<https://www.youtube.com/watch?v=qWIq7UTWSkw>

<http://www.kizoa.es/Editar-Videos-Movie-Maker/d92667000k2741306o211/videomaior>

Carta aos Reis realizada por infantil, 1º e 2º.

Creación de contos de Nadal atendendo a un modelo polos alumnos de 3º, 4ºA e 4ºB.

## DIA DA PAZ

Escritura de mensaxes por parte de todo o alumnado en mans e estelas de papel levantadas para a paz. Elaboración de artigos de opinión sobre situación de guerra e video xogos de guerra realizados polo alumnado de 6º.





## SEMANA DA PRENSA



Ao longo desta semana os nosos alumnos observaron, descubriron, analizaron... diarios ou revistas de diferentes países con diferentes idiomas. Descubrindo diferentes tipos de letra, signos... e descubrindo a linguaxe escrita da lingua materna dalgúns compañeiros, por exemplo chino, romano, portugués...

Tamén ao longo da semana as diferentes aulas, tanto as dos máis pequenos de infantil como as dos máis maiores como 6º elaboraron "O Xornal Tolo" Ano 2017. Diversidade nas novas, nos artigos, na ilustración pero tódalas páxinas sorprendentes e creativas.



Unha mostra.

## DÍA DO LIBRO

O luns 24 de abril celebramos o Día do Libro. Realizamos a actividade "TROCO DE LIBROS".

De forma voluntaria os nenos/as trouxeron un libro da súa casa para cambiálo por outro. Algúns colaboradores da biblioteca de 5º e 6º contaron o conto "A galiña azul" de Carlos Casares, autor homenaxeado este ano 2017 no Día das Letras Galegas.

Nas diferentes aulas fixéronse diferentes actividades. Unha mostra son as flores elaboradas polo alumnado de 5º.



## SEMANA DAS LETRAS GALEGAS

A vida e obra do autor ao que se adica o día das letras galegas deste ano 2017 foi estudada, recordada, lida, analizada, homenaxeada, debuxada, contemplada, redactada, divulgada... polos docentes e os seus alumnos.

Amosamos algunhas das actividades realizadas que podemos seguir no blog.

Mural de infantil e mural da biblioteca



Presentación por alumnos de 6º da vida e obra do autor.



Lecturas nas aulas de textos de Carlos Casares: “A galiña azul”, “Toribio ten unha idea”, “Toribio e o contador de contos”, “Lolo anda en bicicleta” e “As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas”

Creación de personaxes e historias parecidas aos personaxes e sucesos da serie Toribio por parte do alumnado de 6º.

Obras de teatro

O alumnado de 4º A representa dúas pezas de teatro.

<http://www.kizoa.es/Editar-Videos-Movie-Maker/d115311109k9081892o211/teatro-4-2017>





Traballo de descubrimento e investigación cos carteis informativos enviados pola consellería. Emprego dos tics na aprendizaxe.

### “Semana de cine en galego”

Ao longo da semana seguinte a semana das Letras Galegas os diferentes cursos desde infantil ata 6º visualizan filmes en galego:

Infantil: “Os Bolechas”

1º e 2º: “Folerpiña de neve”

3º e 4º: Pinoquio 3000”

5º e 6º: “As laranxas máis laranxas de tódalas naranxas”

### CON NÓS ESCRITORES, CONTACONTOS E MÚSICOS

Ao longo do curso o noso alumnado tivo a sorte de contar con:



Xosé Vázquez Pintor, que presentou na biblioteca pública o seu novo libro “Bicos”. Os nenos prepararon diversos poemas do novo libro e ata chegaron a escenificalos. Tamén prepararon carteis dos mesmos.

<http://bibliocomecontos.blogspot.com.es/search?updated-max=2017-03-02T05:59:00-08:00&max-results=7>



Iago López deleitounos coa interpretación narrativa que fixo do seu libro “O cociñeiro Martiño”

O músico Héctor Lorenzo estivo con nós o venres, 26 de maio. Todos cantamos e aplaudimos!



Moitos aplausos lle demos a “Pacolas”

<http://bibliocomecontos.blogspot.com.es/search?update-max=2017-03-02T05:59:00-08:00&max-results=7>

Tamén na biblioteca PM Xosé Vázquez Pintor entre outras actuacións presenciamos a Babacontos con Carlos Casares na Semana das Letras Galegas.

### **FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA EN HORARIO DE RECREO**

Tódolos alumnos de 5º e 6º participan na apertura e funcionamento da biblioteca nese horario realizando diversas funcións. Tamén tódolos docentes realizan a garda.

Establécese o luns como día de préstamo para os alumnos que a maiores dos libros ou medios audiovisuais que leven cos titores na hora que semanalmente teñen asignado para esa titoría queiran outros.

### **FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA PARA PRÉSTAMO DE LIBROS POR PARTE DAS TITORÍAS**

Cada titor/a baixa unha hora semanal ao menos á biblioteca para realizar préstamo e devolución de libros da súa titoría.

### **FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA PARA DIVERSAS ACTIVIDADES DOCENTES DOS MESTRES**

- Lugar de traballo
- Lugar de visualización
- Lugar de busca e descubrimento

## **Avaliación**

Valoramos de forma positiva o traballo desenvolto ao longo do curso escolar nos diferentes aspectos que se traballaron:

*Catalogación*

*Emprego de biblioteca por docentes e alumnos*

*Préstamo*

*Actividades diversas de divulgación en radio, blog, carteis...*

*Actividades didácticas programadas relacionadas cos diferentes temas e días: Día da Biblioteca, Día de Rosalía, Letras Galegas...*

Para facer a avaliación usamos os seguintes instrumentos:

- *Observación directa e rexistro*
- *Reunións informativas e de tomas de decisión coa comunidade educativa: mestres, alumnos e dirección.*
- *Caixa de correo de suxestión.*
- *Estatísticas de empréstitos.*

Tendo en conta os datos recollidos con todo o anterior podemos dicir que estamos traballando no bo camiño aínda que haxa cousas que mellorar.

Con respecto ao profesorado dicir que fixo bastante uso da biblioteca, valorando moi positivamente as instalacións e as actividades propostas. Hai que seguir a mellorar nos fondos existentes e seguir traballando na liña de que o profesorado integre máis os recursos da biblioteca, tanto impresos, audiovisuais ou relacionados coas tics, na tarefa docente, propiciando o emprego dos mesmos por parte do alumnado.

En canto ao alumnado de 5º e 6º, que está a facer unha labor importante para o funcionamento da biblioteca, seguir fomentando a súa implicación sendo conscientes de que o grao de implicación dos nenos e nenas é o mellor indicador do bo funcionamento da biblioteca. Participaron nas actividades voluntarias propostas pola biblioteca e como colaboradores semanais na biblioteca. Estivemos acollidos ao programa Voluntariado de Lectura A primaria na modalidade “A”: “Colaboración coa Biblioteca Escolar” e na modalidade “B”: “Ler con...(Lecturas compartidas dentro do centro)”.

## **As previsións de futuro**

Reforzar con máis membros o equipo de apoio do profesorado da biblioteca.

Continuar coa catalogación de fondos tanto adquiridos como os que nestes momentos se atopas nas diferentes aulas sen catalogar.

Unha vez catalogados os libros que se atopan nas diversas aulas realizar un reciclado e cambio trimestral por parte da titoría e biblioteca.

Seguir desenvolvendo a formación tanto de mestres como de alumnos para o emprego da biblioteca e o programa Meiga.

Adquisicións de novos fondos atendendo as peticións do profesorado e alumnado e as necesidades que poida ter a biblioteca como fondos relacionados coas ciencias e as artes e recursos de nova tecnoloxías.

Continuar coa reforma de mobiliario e iniciar a creación dun espazo adicado aos descubrimentos e outro adicado a audición.

Mellorar a sinalización, colocación dos fondos tanto bibliográficos como audiovisuais no espazo biblioteca.

Continuar coa colaboración no desenvolvemento do plan lector incidindo tamén na linguaxe oral e na creación de linguaxe escrita por parte do alumnado.

Continuar co apoio aos equipos docentes na realización dos seus proxectos didácticos.

Continuar co fomento das novas tecnoloxías aplicadas ao eido lecto-escritor e das ciencias e as artes.

Continuar coas sesións de contacontos, bolsiñas viaxeiras e fomentar o emprego das mochilas viaxeiras en primaria.

Elaboración de guías de lectura coa colaboración do profesorado.

Seguir a desenvolver a divulgación do traballo realizado e dos recursos da biblioteca mediante carteis, radio, blog...

Seguir a elaborar guías para o emprego dos recursos da biblioteca.

Seguir coa formación dentro do PFPP relacionado con material dixital preciso para a biblioteca, ebooks, tablets e lectura en rede.

Participar e crear campañas de lectura sobre un tema, un escritor...

Premiar o traballo do alumnado fomentado a súa participación.